



Contido

1	INTRODUCCIÓN	2
2	CATÁLOGO	2
2.1	Elementos catalogados.....	2
2.2	Xustificación.....	3
2.3	Definición área de protección.....	3



1 INTRODUCCIÓN

No marco da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (LPCG) e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG), do 10 de febreiro, do solo de Galicia, O documento conterá a información mínima esixida polo artigo 81.3 da LSG e nos artigos 196 e 197 da RLSG.

Na clasificación de cada un dos bens inclúese, de acordo co establecido no artigo 8 da LPCG, a categoría do ben, segundo o establecido no artigo 10 da LPCG, o nivel de protección que corresponda segundo a clasificación do artigo. 41 da LPCG, así como as actuacións autorizadas a que se refire o artigo 42 da mesma lei de acordo co dito nivel de protección.

As NN.SS.P.M de Portomarín non recollen elementos catalogados, polo que na presente memoria procederase a catalogación dos elementos de interese no entorno da delimitación do núcleo rural de O cruceiro.

Existen dúas declaracións de B.I.C. no Concello: a Vila inundada de Portomarín e a Colexiata de San Xoán ou de San Nicolás de Portomarín

2 CATÁLOGO

Os códigos usados no presente catálogo seguirán a estrutura utilizada no Inventario da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, incluíndo o código con concello de Portomarín.

27049_XX	
27	Provincia de Lugo
049	Concello de Portomarín
_XX	Código de catálogo

2.1 Elementos catalogados

Catalógase un único elemento con protección integral na zona da delimitación:

Código	Tipoloxía	Nome	Parroquia	Lugar
27049_C01	Pat. Etnolóxico. Cruceiro.	Cruceiro do núcleo de O Cruceiro	Castro de Soengas, S. Martiño de	O Cruceiro



2.2 Xustificación

Na zona de delimitación non existen outros elementos de interese, a única casa que recoñecible coma tradicional, foi modificada ao longo do tempo, e aínda que claramente conserva as características propias das casas tradicionais, as modificacións sufridas non xustifican unha catalogación da mesma.

Dado o nome do núcleo, O Cruceiro, é innegable a existencia dun cruceiro nas inmediacións do núcleo, que dera lugar ao topónimo, se ben a localización actual, non é a orixinal, debido as alteracións do núcleo descritas no documento 27049_DNR_AI_AMAPDNR_01F.

A tipoloxía do cruceiro resulta bastante sinxela e apunta ou ben a unha colocación recente, ou ben a unha renovación do cruceiro antigo por un máis moderno nunha data indeterminada.

2.3 Definición área de protección

De acordo ao recollido no artigo 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, polo que se establecen zonas distintas segundo a tipoloxía de cada ben, os cruceiros terán unha área de protección de 20 metros.

Lugo, XUÑO de 2024

Documento firmada mediante firma electrónica

En representación do equipo redactor

Ado: Manuel Campo Díaz

Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos colexiado 21612